

*Informe de
posicionamento
da Universidade
de Vigo no
“Ranking
Green Metric
2024”*





1 FIN DA POBREZA 	2 FAME CERO 	3 SAÚDE E BENESTAR 	4 EDUCACIÓN DE CALIDADE 	5 IGUALDADE DE XÉNERO
6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO 	7 ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE 	8 TRABALLO DECENTE E CRECIMENTO ECONÓMICO 	9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA 	10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES
11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES 	12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES 	13 ACCIÓN POLO CLIMA 	14 VIDA SUBMARINA 	15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES
16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS 	17 ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS 	OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE 		

Índice

Introdución	2
Posición global.....	3
Entorno e infraestrutura (15 %)	4
Enerxía e cambio climático (20 %).....	7
Residuos (23 %)	10
Auga (10 %).....	12
Transporte (15%).....	14
Educación e investigación (17 %).....	17
Plan de financiamento das universidades de Galicia 2022-2026.....	20
Anexo I. Evolución UVigo no ranking Green Metric 2019-2024	21
Información de contacto	23

Introdución

O presente informe ten como obxectivo reflectir a posición da Universidade de Vigo no Ranking Green Metric, que ten como obxectivo proporcionar o resultado dunha enquisa en liña sobre a condición actual e as políticas relacionadas coas sostibilidade das universidades do mundo, intentando chamar a atención sobre a loita contra o cambio climático, a conservación da enerxía e a auga, a reciclaxe de residuos o transporte ecolóxico.

Este ranking é unha iniciativa da Universidade de Indonesia, que se iniciou no 2010, nun intento que as universidades que lideran o camiño nos campos anteriores sexan identificadas a través da puntuación deste ranking, sendo isto útil para as persoas líderes nas universidades poidan tomar decisións e facer esforzos para implementar políticas ecolóxicas e xestionar un cambio de comportamento.

Para realizar a clasificación utilizan un total de 51 indicadores, con 67 evidencias e 6 criterios: entorno e infraestruturas (15 %), enerxía e cambio climático (20 %), residuos (23 %), auga (10 %), transporte (15 %) e educación e investigación (17 %). Neste informe realizarase unha visión polo miúdo destes seis criterios.

A participación das universidades no ranking realízase co envío de datos a través dunha enquisa en liña. Entre os meses de maio a outubro recompílase a información e o resultado final soe anunciarse no mes de decembro. A Universidade de Vigo leva participando no mesmo dende o ano 2016. Nos anexos deste informe pode verse a evolución da súa puntuación. Para a súa participación nesta edición a Unidade de Análisis e Programas realizou a recompilación de datos aportados pola Oficina de Medio Ambiente, a Unidade Técnica e outros que estaban baixo a súa responsabilidade.

Posición global.

A posición da Universidade de Vigo no Ranking do 2024, que recolle datos do ano 2023 e do curso académico 2023/2024, é a 262, cunha puntuación total de 7.750 puntos coa seguinte distribución segundo os apartados: entorno e infraestruturas 1.175, enerxía e cambio climático 1.550, residuos 1.800, auga 750, transporte 1.150 e educación e investigación 1.325.

World Rank ↑	University	Total Score	SI Score	EC Score	WS Score	WR Score	TR Score	ED Score
262	Universidade de Vigo 📍 Spain, Europe	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325

Estes datos implican que a UVigo obteña na clasificación da rexión de Europa o posto 78, e na clasificación dentro de España o posto 11, e a posición 20 como campus rural, como se pode ver na seguintes imaxes.

78	Universidade de Vigo 📍 Spain, Europe	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325
----	---	------	------	------	------	-----	------	------

11	Universidade de Vigo 📍 Spain, Europe	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325
----	---	------	------	------	------	-----	------	------

Ranking by Campus Setting 2024 - Rural

Show entries

Search:

Ranking ↑	University	Country	Total Score	Setting and Infrastructure	Energy and Climate Change	Waste	Water	Transportation	Education
20	Universidade de Vigo	Spain	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325

No seguinte cadro pode verse global en puntuación global, posición global e número de universidades participantes nos últimos anos.

Criterio	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Puntuación total	6100	5925	6475	6975	7525	7750
Posición global	195	342	331	300	252	262
Número de universidades participantes	780	895	957	1050	1183	1477

Entorno e infraestrutura (15 %)

Neste apartado reportase información sobre a configuración do campus e a información de infraestrutura, o que da información básica sobre a consideración da universidade cara o medio ambiente. Este apartado mostra tamén se o campus pode ser chamado “campus verde” e ten como obxectivo impulsar ás universidades participantes a proporcionar máis espazo para a vexetación e a protección do medio ambiente, así como ao desenvolvemento da enerxía sostible.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- Relación entre a área de espazo aberto e a área total.
- Superficie total do campus cuberta de vexetación forestal.
- Superficie total do campus cuberta con vexetación plantada.
- Área total no campus para a absorción de auga ademais de bosque e vexetación plantada.
- Área total de espazo aberto dividida pola poboación total do campus.
- Porcentaxe do presuposto universitario para esforzos de sostibilidade.
- Porcentaxe de actividades de operación e mantemento de edificios durante o período dun ano.
- Instalacións del campus para discapacitados, necesidades espaciais ou atención de maternidade.
- Instalacións de seguridade. ~~e vixilancia.~~
- Facilidades de infraestrutura de saúde para o benestar do alumnado, académicos/as e administrativos/as.
- Conservación: plantas, animais e vida silvestre, recursos xenéticos para a alimentación e agricultura , asegurados en instalacións de conservación a medio ou longo prazo.

Para este apartado entregáronse as seguintes items/datos:

1. Tipo de institución de educación superior
2. Clima
3. Número de campus

4. Entorno dos campus
5. Superficie total dos campus (m²)
6. Superficie total de área situada na planta baixa dos edificios (m²)
7. Superficie total dos edificios (m²)
8. Ratio espazo aberto-espazo construído
9. Porcentaxe de área do campus cuberto de vexetación en forma de bosque
10. Porcentaxe de área no campus cuberto de vexetación plantada (céspede, xardín, plantación interna...)
11. Área máxima de absorción de auga que hai nas zonas colindantes ao bosque o á vexetación plantada
12. Número total de estudantes regulares
13. Número total de estudantes Online
14. Número de persoal académico y administrativo
15. Área de espazo aberto dividida por poboación total de campus
16. Orzamento total da Universidade (US Dollars)
17. Orzamento da Universidade para a sostibilidade
18. Porcentaxe do orzamento da Universidade para a sostibilidade
19. Porcentaxe de edificios nos que se realizaron actividades de operación e mantemento durante o ano
20. Instalacións/servizos específicos para discapacitados, necesidades especiais ou atención de maternidade
21. Seguridade para os residentes no campus
22. Infraestruturas sanitarias para estudantes e persoal
23. Programas de protección da flora, fauna, vida salvaxe e recursos xenéticos para a alimentación e a agricultura
24. Planificación, execución, seguimento e/ou avaliación de todos os programas relacionados co Medio Ambiente e Infraestruturas mediante o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Aínda que se enviaron evidencias temos que ter en conta que en algúns dos apartados as nosas capacidades son moi limitadas polo que non reciben unha boa valoración. Por exemplo:

Métricas que precisan mellorarse

A Porcentaxe do presuposto universitario para esforzos de sostibilidade xa supón entre só entre un 1 e un 5% do presuposto total (valor 3 sobre 5)

O tempo de resposta (no campus de Vigo que é o principal) para accidentes, crimes, lume o desastres naturais é superior ós 10 minutos (valor 4 sobre 5)

A disposición de infraestrutura sanitaria para a comunidade universitaria ten un valor intermedio o non dispoñer dun hospital propio ou ben dun hospital universitario (valor 3 sobre 5).

A posición da UVigo neste apartado é 228 cunha puntuación de 1.175 dos 1.500 posibles, sendo a taxa de cobertura dun 78,33 %. A ponderación do indicador é dun 15 %.

Ranking ↑	University	Country	Total Score	Setting and Infrastructure	Energy and Climate Change	Waste	Water	Transportation	Education
228	Universidade de Vigo	Spain	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325

No seguinte cadro pode verse a puntuación e posición neste criterio nos últimos anos.

Criterio	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Puntuación en Entorno e infraestrutura	850	850	1025	1075	1125	1175
Posición en Entorno e infraestrutura	276	347	266	271	248	228

Enerxía e cambio climático (20 %).

Neste apartado o ranking céntrase na atención da universidade aos temas relacionados co uso da enerxía e cambio climático, sendo o apartado cunha ponderación maior, un 20 %. No cuestionario defínense varios indicadores para esta área en particular: uso de electrodomésticos eficientes, política de uso de enerxía renovable, uso total de electricidade, programas de conservación de enerxía, construción ecolóxica, programas de adaptación e mitigación do cambio climático, política de redución de emisións de gases efecto invernadoiro. Con este indicador espérase que as universidades aumenten o seu esforzo en eficiencia enerxética nos seus edificios e tomas máis en conta a natureza e os recursos enerxéticos.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- Uso de electrodomésticos de baixo consumo.
- Implementación de edificios intelixentes.
- Número de fontes de enerxía renovable no campus.
- Consumo total de electricidade dividido pola poboación do campus (kwh/persoa).
- A proporción de produción de enerxía renovable dividida polo uso total de enerxía por un ano.
- Elementos para a implementación de edificios verdes tal e como se reflicte nas políticas de construción e renovación.
- Programa de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Pegada de carbono total dividida pola poboación total do campus (toneladas métricas por persoa).
- Número de programas innovadores en Enerxía e Cambio Climático.
- Número de programas universitarios de impacto sobre el cambio climático.

Para este apartado entregáronse as seguintes evidencias e/ou datos:

1. Uso de aparatos con eficiencia enerxética
2. Superficie total de edificios intelixentes no campus (m²)
3. Edificios con programas intelixentes implantados

4. Nº de recursos de enerxía renovable
5. Enerxía renovable producida no campus por ano
6. Consumo de electricidade por ano (kWh total)
7. Consumo total de electricidade dividido pola poboación total do campus (kWh por persoa)
8. Ratio produción de enerxía renovable con respecto ao uso total de enerxía por ano
9. Elementos que reflicten a posta en marcha de edificios ecolóxicos -construción total ou renovación dos existentes-
10. Programa de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro
11. Pegada de carbono
12. Pegada de carbono divida entre a poboación total
13. Posta en marcha de programas innovadores en enerxía e cambio climático
14. Iniciativas relacionadas co impacto do cambio climático
15. Planificación, execución, seguimento e/ou avaliación de todos os programas relacionados coa enerxía e o cambio climático mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Aínda que se enviaron evidencias temos que ter en conta que en algúns dos apartados as nosas capacidades son moi limitadas polo que non reciben unha boa valoración. Por exemplo:

Métricas que precisan mellorarse

O uso de aparatos de eficiencia enerxética xa que supón unha utilización entre 25 e o 50% (un valor de 3 sobre 5)

O consumo total de electricidade dividido pola poboación total do campus (kWh por persoa) situado entre 633 e 1535 kWh (un valor 4 sobre 5)

Ratio produción de enerxía renovable con respecto ao uso total de enerxía por ano entre o 2 e o 25% (valor 4 sobre 5)

Elementos que reflicten a posta en marcha de edificios ecolóxicos -construción total ou renovación dos existentes- no que non hai ningún implantado (valor 0)

Programa de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro cun valor intermedio (valor 3 sobre 5)

Pegada de carbono dividida entre a poboación total situado entre 0.42 e 1.11 toneladas métricas (valor 3 sobre 5).

A posición da UVigo neste apartado é 282 cunha puntuación de 1550 dos 2.100 posibles, sendo a taxa de cobertura neste indicador do 73,81 %. A ponderación deste apartado é de 20 %.

Ranking ↑	University	Country	Total Score	Setting and Infrastructure	Energy and Climate Change	Waste	Water	Transportation	Education
282	Universidade de Vigo	Spain	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325

No seguinte cadro pode verse a puntuación e posición neste criterio nos últimos anos.

Criterio	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Puntuación en enerxía e cambio climático	1250	1175	1250	1290	1475	1550
Posición en enerxía e cambio climático	169	325	267	358	277	282

Residuos (23 %)

Neste apartado téñense en conta as actividades de tratamento y reciclaxe de residuos, importantes para a creación dun entorno sostible. As actividades do persoal universitario e do alumnado no campus produciran unha gran cantidade de residuos, polo tanto, os programas e tratamentos de refugallo deben estar entre as preocupacións da universidade, por exemplo, programas de reciclaxe, tratamento de tóxicos, tratamento de residuos orgánicos e inorgánicos, disposición de sumidoiros, política para reducir o uso do papel e o plástico no campus.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- Programa 3R (Reducir, Reutilizar, Reciclar) de residuos universitarios.
- Programa para reducir o uso do papel e o plástico no campus.
- Tratamento de residuos orgánicos.
- Tratamento de residuos inorgánicos.
- Residuos tóxicos manexados.
- Eliminación de augas residuais.

Para este apartado entregáronse as seguintes evidencias e/ou datos:

1. Programa 3R (Reducir, Reutilizar, Reciclar) de residuos universitarios
2. Programa para reducir o uso de papel e plástico no campus
3. Volume total de residuos orgánicos producidos
4. Volume total de residuos orgánicos tratados (toneladas).
5. Tratamento de residuos orgánicos
6. Volume total de residuos inorgánicos producidos (toneladas)
7. Volume total de residuos inorgánicos tratados (toneladas)
8. Tratamento de residuos inorgánicos
9. Volume total de residuos tóxicos producidos (toneladas)
10. Volume total de residuos tóxicos tratados (toneladas)
11. Tratamento de residuos tóxicos
12. Eliminación de augas residuais

13. Planificación, execución, seguimento e/ou avaliación de todos os programas relacionados coa Xestión de Residuos mediante o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Métricas que precisan mellorarse

Todas as métricas deste apartado obtiveron a máxima puntuación.

A posición da UVigo neste apartado é 36 cunha puntuación de 1.800 dos 1.800 posibles, sendo a taxa de cobertura neste indicador do 100 %. A ponderación deste apartado é de 23 %.

Ranking ↑↓	University ↑↓	Country ↑↓	Total Score ↑↓	Setting and Infrastructure ↑↓	Energy and Climate Change ↑↓	Waste ↑↓	Water ↑↓	Transportation ↑↓	Education ↑↓
36	Universidade de Vigo	Spain	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325

No seguinte cadro pode verse a puntuación e posición neste criterio nos últimos anos.

Criterio	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Puntuación en residuos	1275	1275	1275	1425	1725	1800
Posición en residuos	169	250	286	222	69	36

Auga (10 %)

O uso da auga no campus é outro indicador importante para este ranking. O obxectivo é que as universidades poidan diminuír o uso da auga e aumentar os programas de conservación e protexer o hábitat. Ter programas de conservación da auga e de uso da auga canalizada son algúns dos seus criterios.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- Implementación de programas de conservación da auga.
- Implementación de programas sobre a reciclaxe da auga.
- Uso de electrodomésticos que aforran auga.
- Consumo de auga tratada
- Control da contaminación da auga no campus.

Para este apartado entregáronse as seguintes evidencias e/ou datos:

1. Programa e aplicación de conservación da auga
2. Posta en marcha do programa de reciclaxe da auga
3. Uso eficiente da auga
4. Consumo de auga tratada
5. Control da contaminación das augas
6. Planificación, execución, seguimento e/ou avaliación de todos os programas relacionados coa xestión da auga mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Métricas que precisan mellorarse

Programa de conservación da auga situado entre 1 e o 25 % (valor 4 sobre 5).

Programa de reciclaxe da auga sen ningunha evidencia (valor 0).

A posición da UVigo neste apartado é 348 cunha puntuación de 750 sobre os 1.000 posibles, sendo a taxa de cobertura dun 75 %. A ponderación deste apartado é de 10 %.

Ranking ↑	University	Country	Total Score	Setting and Infrastructure	Energy and Climate Change	Waste	Water	Transportation	Education
348	Universidade de Vigo	Spain	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325

No seguinte cadro pode verse a puntuación e posición neste criterio nos últimos anos.

Criterio	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Puntuación en auga	625	550	700	800	700	750
Posición en auga	227	380	314	210	379	348

Transporte (15%)

O sistema de transporte xoga un papel importante nas emisións de carbono e no nivel de contaminantes da universidade. Ter unha política de transporte para limitar o número de vehículos motorizados no campus, o uso de autobuses e bicicletas fomenta un entorno máis saudable.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- Número total de vehículos (automóviles ou motocicletas) dividido pola poboación total do campus.
- Servizo de transporte.
- Política de vehículos de cero emisións (ZEV) no campus.
- Número total de vehículos cero emisións (ZEV) dividido pola poboación total do campus.
- Relación entre a área de estacionamento en terra e a área total do campus.
- Programa para limitar ou diminuír a área de estacionamento no campus durante os últimos 3 anos .
- Número de iniciativas para diminuír o número de vehículos privados no campus.
- Camiño peonil no campus.

Para este apartado entregáronse as seguintes evidencias e/ou datos:

1. Número de automóviles propiedade da universidade
2. Número de coches que acceden á universidade todos os días
3. Número de motos que acceden á universidade todos os días
4. Número total de vehículos (coches y motos) dividido pola poboación total do Campus.
5. Servizos de lanzaderas.
6. Número de lanzadeiras que operan na universidade
7. Número medio de pasaxeiros en cada lanzadeira
8. Total de viaxes diarias de cada servizo de transporte.
9. Política universitaria de vehículos de cero emisións (ZEV) no campus.
10. Número de vehículos de emisión cero (bicicletas, canoas, snowboard, automóviles eléctricos, etc.) no campus por día

11. Proporción de vehículos de emisión cero (ZEV) dividido pola poboación total do campus
12. Área total de aparcadoiro (m²)
13. Relación da área de estacionamento/área total do campus
14. Política para limitar ou reducir a superficie de aparcamento no campus durante os últimos 3 anos.
15. Política de transporte deseñada para limitar ou reducir o número de vehículos privados no campus
16. Camiños peonís nos campus.
17. Distancia diaria aproximada percorrida por un vehículo cada día dentro do campus (en km).
18. Planificación, implantación, seguimento e/ou avaliación de todos os programas relacionados co Transporte mediante o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC)

Métricas que precisan mellorarse

Nº de vehículos dividido pola poboación total (valor 4 sobre 5)

Servizos de transporte cun valor intermedio (valor 3 sobre 5)

Política universitaria de vehículos emisión 0 (valor 4 sobre 5)

Proporción de vehículos de emisión cero (ZEV) dividido pola poboación total do campus cun valor moi baixo (valor 3 sobre 5)

A relación entre a superficie de aparcamento en terra e a superficie total do campus (valor 3 sobre 5)

Política de transporte deseñada para limitar ou reducir o número de vehículos privados no campus sen evidencia (valor 1 sobre 5).

A posición da UVigo neste apartado é 684 cunha puntuación de 1.150 sobre os 1.800 posibles, sendo a taxa de cobertura dun 63.89 %. A ponderación deste apartado é de 15 %.

Ranking ↑↓	University	Country	Total Score	Setting and Infrastructure	Energy and Climate Change	Waste	Water	Transportation	Education
684	Universidade de Vigo	Spain	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325

Criterio	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Puntuación en transportes	1125	1100	1000	1060	1100	1150
Posición en transportes	246	379	561	591	612	684

Educación e investigación (17 %)

Este criterio baséase na idea de que a universidade ten un papel importante na creación da preocupación das novas xeración polos temas de sostibilidade.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- Relación dos cursos de sostibilidade con respecto ao total de cursos/materias.
- Relación entre a financiación da investigación sobre a sostibilidade e a financiación total da investigación.
- Número de publicacións académicas sobre sostibilidade.
- Número de eventos relacionados coa sostibilidade.
- Número de organizacións estudiantís relacionadas coa sostibilidade.
- Sitio web de sostibilidade administrado pola universidade.
- Informe de sostibilidade.
- Número de actividades culturais do campus.
- Número de programas universitarios de sostibilidade con colaboracións internacionais.
- Número de proxectos de servizos comunitarios de sostibilidade organizados e/ou nos que participan o alumando.
- Número de *stat-up* relacionadas coa sostibilidade.

Para este apartado entregáronse as seguintes evidencias e/ou datos:

1. Número de cursos/materias ofrecidas que están relacionadas co medio e a sostibilidade
2. Número total de cursos/materias ofrecidas
3. Ratio de cursos relacionados coa sostibilidade en relación ao total de cursos/materias
4. Fondos dedicados á investigación da sostibilidade (en US Dollars)
5. Fondos de investigación totais (en US Dollars)
6. Ratio investigación sostibilidade/fondos totais de investigación
7. Número de publicacións académicas sobre sostibilidade publicadas
8. Número de eventos relacionados coa sostibilidade (medio ambiente).

9. Número de actividades organizadas polas organizacións estudiantís relacionadas coa sostibilidade ao ano.
10. Existencia dun sitio web de sostibilidade administrado pola universidade
11. Enderezo web de sostibilidade dispoñible
12. Existencia de informe de sostibilidade publicado
13. Nº de actividades culturais no campus
14. Número de programas universitarios de sostibilidade con colaboracións internacionais
15. Proxectos de servizos comunitarios de sostibilidade organizados pola universidade e/ou participe o alumnado.
16. *Star-ups* relacionadas coa sostibilidade.
17. Número total de titulados con emprego verde.
18. Dispoñibilidade de dependencias ou oficinas que coordinen ou teñan relación coa sostibilidade.
19. Planificación, implantación, seguimento e/ou avaliación do goberno universitario mediante o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).

Métricas que precisan mellorarse

Ratio materias sostibilidade/materias totais situado (valor 3 sobre 5)

Ratio investigación sostibilidade/fondos totais de investigación (valor 3 sobre 5)

Nº eventos relacionados coa sostibilidade (valor 4 sobre 5)

Número de actividades de sostibilidade organizadas por asociacións de estudantes (valor 3 sobre 5)

Star-ups relacionadas coa Sostibilidade situado (valor 4 sobre 5).

A posición da UVigo neste apartado é 578 cunha puntuación de 1.325 sobre os 1.800 posibles, sendo a taxa de cobertura dun 73.61 %. A ponderación deste apartado é de 17 %.

Ranking ↑↓	University ↑↓	Country ↑↓	Total Score ↑↓	Setting and Infrastructure ↑↓	Energy and Climate Change ↑↓	Waste ↑↓	Water ↑↓	Transportation ↑↓	Education ↑↓
578	Universidade de Vigo	Spain	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325

Criterio	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Puntuación en educación e investigación	975	975	1225	1325	1400	1325
Posición en educación e investigación	380	518	417	419	425	578

Plan de financiamento das universidades de Galicia 2022-2026.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 16 de decembro de 2021 adoptou o acordo polo que aprobou o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026, e contemplou nos cinco anos de vixencia os seguintes obxectivos:

Establecemento dun horizonte amplo de suficiencia e estabilidade financeira que permita á Xunta de Galicia e ás institucións públicas de ensino universitario na comunidade autónoma o desenvolvemento ordenado das súas políticas no período 2022-2026.

Definición de criterios de asignación de recursos explícitos, baseados no custo estándar da docencia e na obtención de resultados nos ámbitos fundamentais da actividade universitaria: docencia, investigación e transferencia.

Estimulación da adecuación da oferta ás demandas sociais, reorientando a oferta docente, potenciando a formación continua e a transferencia tecnolóxica e promovendo a mellora da calidade.

O Plan estrutúrase en dous grandes fondos, e dentro do fondo de financiamento non condicionado inclúe o subfondo denominado “panel de indicadores”, o cal inclúe unha serie de indicadores sobre responsabilidade social e medio-ambiente. Así, un dos indicadores do módulo 6 de responsabilidade social é o indicador de Ránking UI GreenMetric cunha ponderación do 0,5% sobre o total panel de indicadores por resultados e estableceuse o seguinte criterio de medición:

PAIRS1-Ránking UI GreenMetric

Definición: O ranking mundial de Universidades UI GreenMetric é unha iniciativa de Universitas Indonesia que iniciouse en 2010. O seu obxectivo é avaliar a situación actual e as políticas relacionadas co Campus Verde e a sustentabilidade nas universidades de todo o mundo, coa finalidade de que se preste máis atención á loita contra o cambio climático mundial, a conservación da enerxía e a auga, o reciclaxe de refugallos e o transporte ecolóxico. Os seus indicadores agrúpanse en 6 categorías con diferente ponderación: Entorno e infraestrutura; enerxía e cambio climático; residuos; auga; transporte; e educación e investigación.

Formulación: Posición ocupada a nivel mundial por cada universidade galega.


Reparto: Directamente proporcional ao posto obtido na clasificación por cada una das universidades.




Fonte: UI GreenMetric. (<https://greenmetric.ui.ac.id>)

Queda deste xeito vencellado o desempeño na sostibilidade coa obtención de recursos financeiros por parte das universidades galegas.

Anexo I. Evolución UVigo no ranking Green Metric 2019-2024

Criterio	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Puntuación total	6100	5925	6475	6975	7525	7750
Posición global	195	342	331	300	252	262
Posición en Europa	75	112	103	94	74	78
Posición en España	15	21	17	17	12	11
Posición por entorno campus rural	14	28	24	22	22	20
Puntuación en Entorno e infraestrutura	850	850	1025	1075	1125	1175
Posición en Entorno e infraestrutura	276	347	266	271	248	228
Puntuación en enerxía e cambio climático	1250	1175	1250	1290	1475	1550
Posición en enerxía e cambio climático	169	325	267	358	277	282
Puntuación en residuos	1275	1275	1275	1425	1725	1800
Posición en residuos	169	250	286	222	69	36
Puntuación en auga	625	550	700	800	700	750
Posición en auga	227	380	314	210	379	348
Puntuación en transportes	1125	1100	1000	1060	1100	1150
Posición en transportes	246	379	561	591	612	684
Puntuación en educación e investigación	975	975	1225	1325	1400	1325
Posición en educación e investigación	380	518	417	419	425	578
Número de universidades participantes	780	895	957	1050	1183	1477





Información de contacto

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato. Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640



